

Marilyn escribe escribe


Manuscritos de Marilyn Monroe, extraídos de **Fragments: Poems, Intimate Notes, Letters.**

Tradución de E...E...Río coa colaboración de Mar Laredo Cordoní e Jose Fernández Cid.

Con franqueza, hai algo voyeur aquí, unha vez máis. A cuestión é que non se trata de textos que teñan a vontade de seren expostos, publicados. Non son *textos* en si, todos os seres humanos alfabetizados escribimos cousas semellantes en papeliños, marxes de apontamentos, dorsos de documentos, sobres para tirar e, cando os teléfonos nos obrigaban a ficar nun lugar enguedellando un cable cos dedos, nas libretas que adoitaba haber sempre a man. Non son textos en si, probablemente ela nin sequera os relería e pode que nin os lembrase. Pero portan a marca do azaroso, da pulsión que é e non é. O resplandor do misto dunha existencia un segundo antes de nos queimar os dedos.

E saben a **intimidade roubada**. Algo que aínda, como humanos, nos ruboriza.


Marilyn Monroe escribe:



Só uns anacos de nós algunha vez tocarán ~~se~~ partes de outros: esa é realmente a única certeza propia: a única certeza propia. Só somos quen de compartir a parte que está ~~se comprende~~ dentro do coñecer aceptable do outro ~~para~~ o outro: ~~per tanto~~ así que un está na súa maior parte só.


Como se espera que estea evidentemente
na natureza: no mellor dos casos a través quizais faría posible
que o noso entendemento
sacase á luz a soidade doutro.

Cunha letra algo diferente, Marilyn escribe:




pedras no camiño
de todas as cores
fito para vós
como ~~estes~~ e para un horizonte
o espazo/ o aire fica acenando entre nós
e eu estou moitos andares ~~ademais~~ por enriba
teño os pés arrepiados
~~desde o meu~~ mentres me agarro ~~per~~ cara a vós

Nunha axenda, Marilyn escribe:



sente o que eu sinto
dentro de min mesma – é dicir, tratar de
decatarse diso
tamén o que sinto noutros
que non se avergoñan dos meus sentimentos, pensamentos -ou ideas
darse de conta de que
eles existen


Marilyn escribe:



Vida –
pertenzo a ambas dúas túas direccións
| Vida
Dalgún xeito ficar en pendente á baixa

sobre todo
pero forte como unha arañeira no
vento -existo máis co frío do carazo que fulgura.
Pero os meus raios perlados levan as cores que
eu vin nun cadro -ah, vida,
enganáronte.

E Marilyn escribe:



Ah, que lería, oxalá estivese
morta -nonexistir en absoluto-
fóra de aquí -de
todas partes pero como ía facele
Sempre hai pontes – a ponte
de Brooklyn –non, a ponte de Brooklyn non
porque
Pero adoro esa ponte (vese todo precioso dende alí, co aire tan limpo) percorrela
é
agradable alí mesmo con todos eses
coches a tolearen por abaixo. De modo que
tería que ser nalgunha outra ponte
unha fea e sen vistas -agás
Persoalmente, gústanme en xeral todas as pontes -teñen o seu
aquele e alén diso nunca
vin ponte que fose fea.